



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

BANDO INFORMATIVO DA ALCALDÍA SOBRE RESTRICIÓN NO CONSUMO DE AUGA MUNICIPAL

Diego Luis Díaz Méndez, alcalde do Concello de Val do Dubra,

EXPÓN:

Logo de recibir comunicación da empresa xestora do abastecemento de auga, VEOLIA, e ante a situación actual de diminución das reservas de auga e coa finalidade de garantir o abastecemento de auga potable para o consumo humano e os usos esenciais, o Concello de Val do Dubra considera necesario adoptar as seguintes medidas extraordinarias de aforro de auga no municipio de Val do Dubra:

1. Prohíbese o enchido total ou parcial de piscinas privadas.
2. Prohíbese o lavado de vehículos mediante manguera ou outros sistemas que empreguen auga da rede municipal
3. Prohíbese o rego de xardíns, zonas verdes, hortas de lecer e espazos ornamentais utilizando auga procedente da rede municipal.
4. Recoméndase á cidadanía realizar un uso responsable da auga, evitando consumos innecesarios e adoptando medidas de aforro no ámbito doméstico e comercial.

Estas restricións así como a interrupción de novas altas no servizo permanecerán en vigor ata que a situación de abastecemento permita a súa retirada.

A colaboración de toda a veciñanza é fundamental para preservar un recurso esencial como é a auga e garantir a súa subministración a toda a poboación.

En Val do Dubra, 30 de xullo de 2026.

O alcalde,
Diego Luís Díaz Méndez